



Estimadas compañeiras e compañeiros:

Dende o **STEG** queremos trasladar o noso máis sentido agradecemento a cada docente que participou na folga de onte, 25 de setembro. Somos plenamente conscientes do sacrificio económico que supón, máis nun contexto de perda constante de poder adquisitivo, polo que o voso compromiso cobra un valor aínda maior.

O seguimento da folga situouse arredor do **60%** e a manifestación en Compostela acadou unha cifra masiva de arredor de **8.000 persoas**. Estes datos xa constitúen un **rotundo éxito**, mais o verdadeiro triunfo foi a solidariedade e o espírito combativo mostrado polo conxunto do profesorado.

Este éxito foi posíbel grazas á **dignidade da docencia galega**, mais tamén á capacidade de dúas organizacións sindicais, o **STEG e a CIG** neste caso, de aparcas diferenzas en beneficio da defensa dos dereitos do profesorado fronte a unha administración desleal e intransixente, que continúa a recortar condicións laborais e deteriorar a calidade da educación pública.

A participación, o **entusiasmo e a firmeza que o profesorado amosou onte comprometénnos** no STEG a seguir loitando por acadar cada un dos obxectivos da convocatoria. Por iso, desde hoxe mesmo, traballamos a reo en tres liñas concretas de acción:

1. **Elaborar e consensuar un calendario de mobilizacións en todos os centros do país**, con carácter crecente, se a Consellería persiste en non abrir un diálogo real.
2. **Contactar co resto de organizacións sindicais**, escoitando as súas propostas e servindo de ponte para acadar a maior unidade sindical posíbel nas accións futuras.
3. **Mobilizar a toda a comunidade educativa**, especialmente ás **AMPAS**, para promover en futuras accións unha mobilización conxunta de profesorado, nais e pais e alumnado en defensa e mellora do ensino público galego.

A nosa causa é xusta, e non dubidedes de que seremos quen de avanzar e mellorar a educación pública deste país.

Moita forza e unha aperta solidaria para cada unha e cada un de vós.

STEG